



Bacharel de Artes Escénicas, Música e Danza. Bacharel de Humanidades. Saídas universitarias, superiores e FP.

Vínculos
de
interese:

<http://ciug.cesga.es>, <http://www.edu.xunta.es/portal>, <http://www.uvigo.es>, <http://www.udc.es>,
<http://www.usc.es>, <http://centros.edu.xunta.es/iesalexandreboveda/> <http://www.mcu.es/artesEscenicas/>,
<http://centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalvigo/>, <http://www.edu.xunta.es/centros/cmusvigo/>
<http://www.csmcoruna.com/>

RAMA universidade	Materias de modalidade	
	1º bacharelato	2º de bacharelato (válidas para selectividade)
Humanidades	Latín I, Grego I, Historia do Mundo Contemporáneo	Latín II, Grego II, Xeografía, Historia da Arte, Literatura Universal
Artes Escénicas e Música:	Cultura Audiovisual, Linguaxe e Práctica Musical, Anatomía Aplicada, Análise Musical I	Análise Musical II, Artes Escénicas, Historia da Música e da Danza, Historia da Arte Literatura Universal, (Humanidades)

Saídas de Artes Escénicas, Música e Danza: Títulos de Grao (4 anos)

Música (V): hai 60 especialidades instrumentais. As especialidades de coro e dirección de orquestra son de 5 anos. O resto de 4.

Aceso: sen selectividade universitaria co bacharel de música, tendo aprobado o terceiro ciclo do grao medio de Música e superando a proba específica da especialidade a cursar. Tamén se pode presentar á proba sen cumprir algún dos requisitos.

Materias de estudo: As da á especialización instrumental técnica, outras teóricas de contidos humanísticos e outras de traballo en grupo, música de cámara, orquestra e coro.



Saídas profesionais: As relacionadas co mundo musical e co instrumento da especialidade. En xeral orquestras, coros, música de cámara, grupos musicais de diversa índole. En distintos ámbitos culturais nacionais, internacionais

Arte Dramático : Vigo, Gran Canaria, Tenerife, Valencia, Gijón, Valladolid, Córdoba, Málaga, Murcia, Sevilla, Madrid

Aceso: Sen selectividade universitaria, co bacharel. Superación dunha proba con dúas partes. Tamén sen proba para os maiores de 20 que xustifiquen experiencia profesional ante un tribunal

Materias de estudo: **Especialidade de Dirección de Escena e Dramaturxia:** as do propio nome, teoría e práctica da interpretación, literatura dramática, historia das artes do espectáculo, prácticas, espazo escénico, estética, escritura dramática, análise de textos. **Especialidade de Escenografía:** espazo escénico, caracterización e indumentaria, iluminación, técnicas gráficas e escénicas, dramaturxia, estética, historia da escenografía e das artes do espectáculo, teoría de la percepción visual e perspectiva. **Especialidade de Interpretación:** con 4 opcións: interpretación con obxectos, xestual, textual, no teatro musical. Cada unha con materias propias.

Saídas profesionais: Mundo artístico cultural, teatro, cine, tv., radio, grupos especializados, o ensino profesional. **Funcións:** interpretación de personaxes, dirección de escena, dobraxe de voz, produción, ...

Danza:

Acceso: co bacharel, sen selectividade universitaria (2010), tendo aprobado o terceiro ciclo do grao medio de Danza e superando a proba específica. Ou presentándose á proba sen cumprir algún requisito.

Lugar: Conservatorios superiores de Madrid, Barcelona, Valencia, Alicante, Málaga, Móstoles.

Conservatorios profesionais medios: - Lugo: 982284704, <http://centros.edu.xunta.es/cdanlugo/>
- Coruña 981205390 cdan.profesional.coruna@edu.xunta.es

Materias de estudo: teoría e historia da danza, arte, e principios estéticos, anatomía e fisioloxía do movemento, psicoloxía, análise do repertorio, produción xestual, música, interpretación e técnicas de danza, pedagogía da danza, metodoloxía e práctica da danza, escena e danza, coreografía e técnicas da interpretación da danza, linguaxe escénico e dramaturxia.

Saídas profesionais: Mundo artístico cultural, teatro, cine, tv., grupos especializados, ensino profesional.

Funciós: baile, coreografía, docencia, creación, dirección, interpretación, investigación artística.

Modalidade de HUMANIDADES

Perfil do estudante: En xeral, gusto pola lectura, pola cultura e polas relacións sociais, intereses lingüísticos, capacidade de comprensión, intereses humanísticos, interese pola literatura, gusto pola historia, imaxinativos, capacidade de abstracción, preocupados polos temas sociais, comunicativos, observadores, boa memoria, intuición para comprender á xente, atentos, tolerantes, capacidade de persuasión, de síntese e de expresión.

Dificultade: A maior parte destas carreiras teñen dificultade media ou media - baixa.

Consellos: O éxito académico comeza pola lectura, é dicir, ler a bibliografía recomendada de cada materia. Tamén é interesante formar grupos de debate e de estudo, acudir a clase con regularidade, comparar os apuntes e realizar traballos en grupo.

Títulos de Grao (4 anos, todas con exame de selectividade)



Belas Artes (P)

Acceso: Desde calquera rama de Bacharelato. Poden pedir un exame de acceso para os que non cursaron o bacharelato de artes. Superado ese exame, analízase a nota de selectividade.

Materias de estudo: Pintura, escultura, fotografía, historia da arte, volumes e formas, linguaxes e técnicas de expresión artística, cores, materiais de creación artística...

Saídas profesionais: En xeral, escasas, xa que se enfocan excesivamente cara o campo da arte e da creación artística. Estes graduados/as traballan, fundamentalmente, na docencia ou na Administración Pública. As novas tecnoloxías demandan profesionais no campo do deseño gráfico, deseño de páxinas web, gráficos de xestión, ... Poden traballar en editoriais, axencias de publicidade, galerías de arte, empresas de artes gráficas, ... O campo no que mais poden desenvolver-la súa profesión propiamente artística ou de creación é o exercicio libre da profesión.

Filoloxía Clásica (Sa), Español: estudos lingüísticos e literarios (Co), Estudos de Galego e Español (Vi), Galego-Portugués: estudos lingüísticos e literarios (Co), Inglés: estudos lingüísticos e literarios (Co), Linguas e Literaturas Modernas (Sa), Linguas Estranxeiras (Vi), Lingua e Literatura: Galega/Española/Inglesa (Sa)

Acceso: desde a rama de Humanidades ou por defecto, desde outras.

Materias de estudo: A lingua das diferentes especialidades que se estuden. Fonética, gramática, fonoloxía e ortografía da especialidade. Literatura, historia, cultura, pensamento clásico e arte. Basicamente, estas carreiras céntranse en coñecementos humanísticos, clásicos e de «letras».

Saídas profesionais: Escasas, pouco variadas. Docencia. Administración Pública. A empresa. Poden adaptarse a distintos traballos nas áreas comercial, de mercado, de administración, recursos humanos.

Información e Documentación (F) : Acceso preferente: Desde Humanidades ou Ciencias Sociais.

Materias de estudo: Bibliografía e fontes de documentación, documentación xeral, fontes de documentación técnica, biblioteconomía, linguaxes documentais, arquivística, investigación documental, tecnoloxías da información.

Perfil: Organización y administración de bibliotecas e hemerotecas, organización de arquivos, descrición e confección de catálogos e uso de fontes de información bibliográfica.

Saídas profesionais: Boas, xa que a empresa necesita ter profesionais que saiban ordenar e gardar correctamente calquera tipo de información. Traballan en documentación, información e arquivo. (Xornais, editoriais, bancos de datos, bibliotecas...)

Tradución e interpretación: Español- Inglés, Español- Francés, Galego-Inglés, Galego -Francés. (Vigo)

Acceso: Desde calquera rama. Ten proba de acceso de linguas. É importante a nota de corte de selectiv.

Perfil do estudante: Facilidade para os idiomas, gusto pola tradución, intereses lingüísticos, boa preparación no idioma propio, gusto pola lectura e pola cultura. Boa capacidade de comprensión, imaxinativos, capacidade de abstracción, comunicativos, intereses humanísticos e pola literatura, boa memoria, intuición para comprender á xente e observadores.

Materias de estudo: Interpretación simultánea e múltiple, interpretación consecutiva, tradución do castelán (ou galego) ó idioma da especialidade elixida e tradución do idioma estranxeiro ó castelán (ou galego), manifestacións culturais do país elixido. Fonética, gramática, fonoloxía e ortografía do idioma elixido na carreira e do castelán ou galego, 3º idioma.

Saídas profesionais: na tradución de todo tipo de textos e facendo de intérpretes de calquera persoa que descoñeza a lingua na que nun momento determinado debe comunicarse: políticos, deportistas, empresarios, artistas... Poden traballar en empresas de tradución e interpretación ou por libre, ofrecendo os seus servizos ás empresas. Tamén en organismos internacionais.

Historia (O,S) Historia da arte (S)

Acceso: Vía de Humanidades, Ciencias Sociais e Artes e calquera outra rama segundo nota de corte.

Materias de estudo: En Historia: Historia antiga, contemporánea, medieval, prehistoria, arqueoloxía, o mundo actual, métodos de investigación , paleografía... En Historia da Arte: Historia da arte antiga, contemporánea, medieval, da idade moderna, teoría da arte, historia da música, das ideas estéticas, do cine e dos medios audiovisuais...

Saídas profesionais: Poucas, na docencia. Oposicións. Traballar na Administración Pública. En áreas relacionadas coa cultura, museos, galerías de arte, bibliotecas ou centros de documentación.

Filosofía (S), Humanidades (L,F) Acceso: Desde calquera opción de Bacharelato.

Materias de estudo: En **Filosofía:** Antropoloxía, ética, filosofía da linguaxe, lóxica, estética, metafísica, Hª da filosofía, filosofía da ciencia... En **Humanidades:** Historia, Hª da arte, latín e cultura clásica, lingua e literatura, xeografía humana, psicoloxía, antropoloxía social, filosofía...

Saídas profesionais: Escasas. O principal campo de traballo é a docencia e a Administración Pública. A maior parte traballa en profesións distintas á do título.

Xeografía (S) Acceso: Desde calquera opción de Bacharelato.

Materias de estudo: As civilizacións, a xeografía social, política, humana, de España, de Europa, a cultura das civilizacións, cartografía, orografía...

Saídas profesionais: Escasas e pouco variadas. Traballan na docencia, en centros de investigación e documentación, en museos e en bibliotecas. Ou fan oposicións estatais.

Acceso a outros graos de humanidades: desde o 1º curso da mesma rama de coñecemento podes acceder a 2º doutro grao facendo un complemento do 35 % correspondente a 1º do novo estudo.

Ponderacións de exame de selectividade por carreiras (en <http://ciug.cesga.es>) :

A fase xeral obrigatoria de selectividade é das materias de 2º de bacharel comúns e 1 escollida propia de calquera modalidade cursada ou non. A nota faise co 60 % da media do expediente académico durante o bacharel e o outro 40% farase coa nota de exame de selectividade cun mínimo de 4 puntos. Aprobando a media temos acceso tódolos graos universitarios con moitas prazas ou nota de acceso baixa. Para as carreiras con límite de praza o alumnado se presentará á fase específica voluntaria de selectividade. É dun máximo de 4 materias propias de calquera modalidade cursadas ou non, das que se escollerán as 2 aprobadas máis puntuadas despois dunha ponderación. Isto poderá sumar ao exame da fase xeral un máximo de 2 puntos por materia cun total de 4 puntos. Recomendamos que se escollan nesta fase as materias máis ponderadas. A puntuación máxima de selectividade será de 10 + 4 = 14 puntos.

Escolas de Música e Conservatorios en Vigo :

Centro de Ensinanza Musical ALLEGRO : Academia de música, danza, instrumentos e canto. **MAYEUSIS** : Conservatorio de música. Danza e Teatro. **AMADEUS Escola de Música** : Academia de Música **Escola CANTORUM SANTA CECILIA de Vigo S.L.** : Academia de Música e Canto **LIRAMA EDITORIAL** : en Vigo (Po) **TALLER SONORO PREMUSICAL** : Academia de Música e Canto en Vigo (Po) **AULA DE MUSICA COMPAS** : Academia de Música e Canto en Vigo (Po) **ARTE Escola de Danza e Música** : en Vigo (Po) **Estudos Musicais METROPOLIS** : Música e locais de ensaio en Vigo (Po)

FORMACIÓN PROFESIONAL CICLOS DE GRAO SUPERIOR (<http://www.edu.xunta.es/fp/>)

Son 2 cursos. Da acceso directo á Universidade (segundo bacharelato cursado e nota media). Pódense mellorar as notas presentándose a 4 exames de selectividade. Pódese facer acceso sen bacharelato mediante proba con 19 anos. Desde o bacharel de música artes escénicas e humanidades podes facer: Administración e Xestión, Artes Gráficas, Comercio e Mercado, Hostalería e Turismo, Imaxe e Son/ Comunicación, Servizos Socioculturais e á Comunidade. Ademais co bacharelato feito, se quedan prazas, pódese acceder sen prioridade a outros CS.

Artes Plásticas e Deseño (<http://escuelasdearte.es/centros/galicia.htm>)

Proporcionan unha formación artística de calidade e en xeral requiren habilidade artística e manual, curiosidade pola tecnoloxía, manexo de ferramentas, aptitudes mecánicas, sentido da organización, orde, visión espacial, e atención ó detalle, disposición para o traballo... Poden ter un ano ou dous de duración.

Impártese nas Escolas de Artes Plásticas e Deseño en **A Coruña, Santiago, Lugo e Ourense.**

Ciclos Medios: Titulación profesional específica e artística oficial para acceder a este mundo laboral. **Acceso externo ós Ciclos Medios:** Mediante proba tendo o título de graduado en ESO. Ou tendo no ano de matrícula 18 anos e facer a proba de acceso

Acceso a Ciclos Superiores: Directo co bacharelato de Artes. Con outros bacharelatos mediante proba. Pode preverse tamén o acceso de CM a CS da mesma familia profesional mediante un *curso de acceso*.

FP de artes plásticas e deseño (* Marcamos en azul /resaltado as que se imparten en Galicia)

- ⇒ **Artes aplicadas á escultura:** CS. Artes Aplicadas á **Escultura. Da Madeira. Da Pedra. Do Metal.**
- ⇒ **Artes aplicadas á indumentaria:** CS: **Estilismo da Indumentaria.** Modelismo de Indumentaria.
- ⇒ **Artes aplic. ao libro:** CS: Edición de Arte. Encadernación Artística. **Gravado e Técnicas de Estampación.**
- ⇒ **CS: Cerámica Artística.** Modelismo e Matricería Cerámica. Pavimentos e Revestimentos Cerámicos.
- ⇒ **Deseño de interiores:** CS: Amoblamento. Arquitectura Efémera. Elementos de Xardín. Escaparatismo. **Proxección e Dirección de Obras de Decoración.**
- ⇒ **Deseño gráfico.:** CS: **Fotografía Artística. Gráfica Publicitaria. Ilustración.**
- ⇒ **Deseño industrial:** CS: **Moblaxe.** Modelismo e Maquetismo. Modelismo Industrial
- ⇒ **Xoiería de arte:** CS: Bixutaría Artística. **Xoiería Artística.** Ourivaría e Pratería Artísticas.